



# Guerreiro

Elízara, lugar onde non estiven



XUNTA DE GALICIA	EXPOSICIÓN	CATÁLOGO
ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria	Coordinación Casa da Parra: PILAR CORREDOIRA	Textos: MERCEDES ROZAS
JESÚS OITAVÉN BARCALA Secretario xeral técnico	Coordinación exposición: MARGARITA RUEDA	Deseño gráfico: SIGNUM DESEÑO
ANXO M. LORENZO SUÁREZ Secretario xeral de Cultura	Montaxe: ESCENOSSET	Fotografías: ALEJANDRO FERREIRA (LUGO FOTO) MATEO GUERREIRO
	Rotulación: AXEITOS & Co	Tradución: CARLOS ARIAS
		Imprime: TÓRCULO ARTES GRÁFICAS
		Dep. legal: C 187-2015 ISBN: 978-84-453-5183-3
		Edita: CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

© das imaxes: Xoán Guerreiro  
 © dos textos: os autores  
 © das fotografías: os autores

Elízara, lugar onde non estiven

# **GUERREIRO**

CASA DA PARRA  
Santiago de Compostela  
Febreiro - Marzo  
2015



A arte é unha actividade humana consciente capaz de reproducir cousas, construír formas ou expresar unha experiencia, sempre que o produto desta reprodución, construcción ou expresión poida deleitar, emocionar ou producir impacto.

W. Tatakiewick

... o que vemos non é o que vemos, senón o que somos.

F. Pessoa



Xoán Guerreiro / Fotografía: Mateo Guerreiro

Localizada no centro histórico compostelán, a Casa da Parra posúe unhas especiais características arquitectónicas que potencian a diversidade dos proxectos que acolle, centrados fundamentalmente en programacións de producción propia de artistas galegos de vanguarda ou de creadores foráneos vinculados con Galicia.

Cunha actividade de difusión das artes plásticas que a converte nun centro de dinamización cultural da capital galega, ao pé da Catedral de Santiago, a Casa da Parra inicia a programación de 2015 cunha mostra na que o pintor Xoán Guerreiro nos aproxima á beleza esencial da nosa mirada.

Coa creatividade do artista lucense entramos nesta dimensión, na que as paisaxes se transforman polo efecto da observación. Pasadas polo forno de Guerreiro, queda a esencia prodixiosa, na que repousan as experiencias de vida -non a vida mesma- que pasaron por cada lugar, e que fixeron que signifique algo concreto a través dos seus lenzos. A través da ausencia de mulleres e homes, pero coas súas pegadas; expresión que configura unha sociedade merecedora de se manifestar e de abrirse libre a calquera meta colectiva.

A xeometría das formas urbanas trae un código concreto e recoñecible, pero o que nos ofrecen os cantís, os grandes azuis do mar, a textura das nubes ou a suxestión sensorial da froita entran directamente no noso xeito de transformar, de habitar, de sermos nós mesmas e nós mesmos.

O noso compromiso está coa arte, como vanguarda que descobre posibilidades de desenvolvemento emocional. Imos colectivamente cara ao que dexergamos máis alá das formas aparentes e da lóxica inmediata.

En definitiva, construímos o futuro sobre o descoñecido, mais coa base do que nos legaron os nosos devanceiros. Porque co recibido vén a necesidade de ir más aló; de nos atrevermos. De descubrirmos o infinito cada vez que unha meta xa está acadada. Velaí o horizonte do artista.

Román Rodríguez González  
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria  
Xunta de Galicia



Bosquexo

## **NON TODO É O QUE PARECE**

Un dos debates que máis bochas levantou nas últimas décadas é a definición de pintura. Parecería que despois de cincocentos anos dunha historia da arte repleta de exemplos, tanto de recoñecidos pintores como de marabillosos cadros, certas cuestións terían que estar más puntualizadas, pero non é así. É máis, os argumentos complícanse cando do estilo de que se fala introduce sobre o soporte a realidade obxectiva, é dicir, cando o artista traslada á súa obra a representación do mundo que o rodea.

O asunto tomou notables dimensións na Documenta 5 de Kassel, en 1972, cando xorden en escena os fotorrealistas americanos, que amosaban nos seus cadros unha precisión detallada do que acababan de fotografar. Nun momento en que a abstracción, o pop e o conceptual deixaban unha ventá aberta ao espectador para completar a obra, estes novos kamikazes o mantiñan a raia, a certa distancia, imponendo unha visión única que se materializaba cun procedemento escrupuloso, mimetizando á perfección obxectos e persoas. As críticas non se fixeron esperar. A más doada foi a de recorrer á tradición, que axexaba sobre aquelas primeiras xeracións como un maligno espectro académico, inutilizando calquera indicio de novedade. De autores como Richard Estes, Malcon Morley ou Robert Bechtle dise que copiaban pero non creaban, recoñecíaselles unicamente a súa gran habilidade técnica pero non o seu potencial para forxar unha nova realidade sobre o lenzo.

Esta mesma controversia produciuse pouco despois en España, en plena etapa de Transición, cos partidarios da pintura-pintura, de traza abstracta, e o movemento neofigurativo que xorde arredor de Luis Gordillo. Reflexionouse a gritos sobre a cor e a materia e tamén, e sobre todo, sobre a conveniencia ou non da existencia da pintura. Polo camiño quedaron uns cantos cadáveres, pero moitas das creacións, fillas das convulsións artísticas e políticas do momento, seguen sendo hoxe referentes dunha época.

Daquela, os responsables do chamado realismo madrileño, Antonio López, Julio e Francisco López Hernández, María Moreno, Amalia Avia e Isabel Quintanilla, afanábanse en revelar que "o realismo ten de ensaio, de intento, de tento, de desafío, de



Bosquexo

provocación, en suma de ismo"<sup>1</sup>, mentres se reservaban á marxe de discusións. Realmente era o mundo da arte contemporánea, críticos, comisarios e artistas, os que dende unha posición monolítica, refutando calquera estratexia representativa, os mantiveron á marxe, quizais porque nunca lles perdoaron a súa manifesta admiración polos clásicos españoles, especialmente Velázquez. Aínda así, sen grandes solermas, lonxe de todo tipo de rebumbios, seguiron traballando no sosego do seu taller, facendo da figuración un estilo que os diferencia.

Hoxe, sabemos, que "a atomización estética actual se nutre dun potencial icónico infinito, de recursos diferentes e renovadas estratexias, o suficientemente fortes como para desmentir os repetidos falsos argumentos que aínda na idea de levantar guetos, de maneira especial arredor da pintura, entre muros de museos, páxinas dedicadas á crítica ou en foros de debate. Desde unha revisión da poesía, Octavio Paz proporcionou as claves para entender a situación da contemporaneidade ao avisar da rebelión, que co tempo e a forza de caer nun reiterado negacionismo, se volvera procedemento".<sup>2</sup>

Xoán Guerreiro sabe cal é a opción que elixiu, a difícil ruta que decidiu para a súa pintura. Leva anos centrado en interpretar a realidade, focalizando un universo cotián que primeiro observa para despois escribir. Segundo a estela da obxectividade, poderíamos afirmar que estamos ante unha pintura que narra, que conta as cousas tal e como as ve, sen o ilusionismo obsesivo de recursos magrittianos, maquinando en transformar a utilidade dos obxectos en inútiles, nin tampouco o dos *trompe-d'oeil*, esos "topos literarios"<sup>3</sup> que dende a antigüidade rompen a fronteira das apariencias, levando a interpretación máis aló da terceira dimensión.

Non existe nos cadros de Guerreiro ningún cambio de escala, ningún *trompe-l'oeil* coa intención de confundir. Non hai engano, ou iso aparenta. O autor vai relatando os seus encontros coa cidade ou coa natureza, cos obxectos, co mundo que respira, en definitiva coa vida. Pero, aínda que poida semellar unha contradición, non mimetiza a realidade, senón que a atrapa dando visibilidade ao invisible. John Berger definiu a pin-

---

<sup>1</sup> Francisco Calvo Serraller: "La revelación de lo real" en *Luz de la mirada*. Museo de Arte Contemporáneo Esteban Viante, Segovia, 2003.

<sup>2</sup> Mercedes Rozas: "El arte de la semejanza". Caixanova, Vigo, Ourense, 2010

<sup>3</sup> Jean Baudrillard y Omar Calabrese: "El trompe-l'oeil". Ed. Casimiro, Madrid, 2014.

tura como "unha afirmación do visible que nos rodea e que está continuamente aparecendo e desaparecendo"<sup>4</sup>, é dicir, cambia e modifícase en tanto que "o real non consiste en algo antoloxicamente sólido e unívoco, senón polo contrario nunha construción de conciencia tanto individual coma colectiva"<sup>5</sup>.

Guerreiro rastrexa esa outra alteridade do real: o tránsito mudo das rúas, a humildade das esquinas semiabandonadas, o carácter comercial ou industrial desas paredes con carteis, sublima os azuis do mar e os horizontes afastados ou detense ante a chamada do primeiro plano dunhas ramas con froitas. Rexistra o que hai máis alá do que se nos amosa á primeira vista, algo difícil de referir e no que se esforzan o ímpeto da obra, empatizando emocións, así como a subxectividade do espectador en abrazalas. Balthus, aínda que de maneira bastante irónica, preguntábase se sería "possible servirse da palabra para entender aquilo que é silencio"<sup>6</sup>. Pouco dado a render loas, esquecía o pintor a poesía para verter claros sobre o misterioso, emboscado sempre detrás do material. Poesía e, claro está, pintura teñen a condición de dar luz ao intanxible, ao misterio furtivo entre letras de complicidade e pigmentos en franca harmonía.

A maxia do realismo está aí, en atravesar o límian da imaxinación, sen perder a referencia do mundo. Dende o dramatismo de Caravaggio a arte figurativa foi cambiando en formas e conceptos, asentando ideas e trazos, mesmo a contracorrente. Courbet, o paradigma do xermolo realista, confesaba que na súa obra pretendeu "simplemente potenciar, sen descoñecer en absoluto a tradición, o sentimento razoado e independente da propria individualidade ( ) nunha palabra facer unha arte viva"<sup>7</sup>.

Xoán Guerreiro asume esa mesma intención, non desdeña a tradición dos clásicos españoles e utiliza a mesma linguaxe pictórica, flexible e comunicativa, pero acomodando os seus coñecementos ao discurso do século XXI. Nos seus faros, estacións, nesas rúas tomadas en escorzos, nas súas paisaxes convertidas en naturezas mortas ou nas súas mariñas utiliza a fotografía como medio e a obxectividade como fin, pero afástase dos fotorrealistas ao, deliberadamente, deixar a un lado a precisión extrema que esgrimen

---

<sup>4</sup> John Berger: "Algunos pasos hacia una teoría de lo visible". Ed. Ardora, Madrid, 1997.

<sup>5</sup> Darío Villanueva. "Teoría del realismo literario". Ed. Biblioteca Nueva, Madrid, 2004.

<sup>6</sup> Estrella de Diego: "La luz es tiempo que se piensa" en *El realismo en el arte contemporáneo*. Fundación Cultural Mapfre Vida, Madrid, 1998

<sup>7</sup> Francisco Calvo Serraller: "El realismo en el arte contemporáneo". Fundación Cultural Mapfre Vida, Madrid, 1998.

os seus compañeiros de armas. A súa figuración mantén un contacto más próximo ao estilo de Antonio López: deféndese a perspectiva, expresamente cede terreo á abstracción nun xogo aventurado ata o límite do inacabado e, de maneira especial, resolve a composición para que a luz se erixa sempre en protagonista do cadro.

Vigo, Esteiro, Ponte dos Santos, Rande, Lugo lugares baleiros de persoas, que só se intúen, metáforas da soildade da urbe, revelacións dun *Brooklyn Follies* más familiar que o New York de Paul Auster<sup>8</sup>, pero non por isto menos desolador e ás veces igual de deshumanizado. Aquí, nestas pezas intétase unha contemporaneidade na que o artista logra inmobilizar o tempo, ainda que o tempo segue correndo, como os trens, aparentemente varados nas vías de Príncipe Pío, que, na realidade, seguen a súa marcha. Non todo é o que parece. O realismo felizmente e en contra do que cría Óscar Wilde, ás veces tamén pode enganar e mesmo chegar a mentir<sup>9</sup>

Mercedes Rozas

---

<sup>8</sup> Paul Auster: "Brooklyn Follies". Ed. Anagrama, Madrid, 2008.

<sup>9</sup> Óscar Wilde: "La decadencia de la mentira". Ed. Siruela. Anzos, 2001.



...Teño que abandonarme  
ao que me rodea, unirme coas  
nubes e as rochas para ser  
o que son. Necesito a soidade  
para dialogar coa natureza.


Caspar David Friedrich



Bosquexo



Bosquexos



Bosquexo




Bosquexo

*San Marcos desde la terraza de Rois.* Óleo/teja. 115 x 160 cm. 2012  
(colección del artista) >







*Beiramar*. Óleo/tea. 100 x 100 cm. 2011  
(colección do artista)




*Pola Ferrería*. Óleo/tea. 60 x 60 cm. 2011  
(colección do artista)


*Os silencios da luz*. Óleo/lienzo. 200 x 200 cm. 2014  
(colección do artista)







*Príncipe Pío*. Óleo/lienzo. 65 x 100 cm. 2009  
(colección do artista)





*Go Vigo*. Óleo/lenzo. 80 x 80 cm. 2013.  
(Colección do artista)

Vigo

renfe

Trenhotel




6471 07 23 060 7

19624



*Torres xemelgas... de Vigo.* Óleo/tea. 70 x 70 cm. 2012  
(colección do artista)



*O Berbés*. Óleo/tea. 50 x 50 cm. 2011  
(colección do artista)





*Cosmos*. Óleo/tea. 100 x 100 cm. 2012  
(colección do artista)

*Esteiro II*. Óleo/tea. 122 x 173 cm. 2011  
(colección do artista) >








*Covas dende o mar*. Óleo/lenzo. 130 x 195 cm. 2013/2014  
(colección do artista)




*O Barqueiro*. Óleo/lenzo. 81 x 116 cm. 2014  
(colección do artista) >

*Sarón*. Óleo/táboa. 115 x 160 cm. 2012.  
(colección do artista) >









Bosquexo



*Faro da illa Pancha*. Óleo/lienzo. 162 x 162 cm. 2014  
(colección do artista)



*Illa Sarón*. Óleo/lenzo. 100 x 100 cm. 2012  
(colección particular)



*Cara norte da illa Coelleira*. Óleo/tea. 100 x 100 cm. 2012  
(colección particular)



*Rúa Real*. Óleo/lenzo. 80 x 80 cm. 2012  
(colección do artista)





*Ponte dos Santos*. Óleo/lenco. 80 x 80 cm.  
(colección do artista)



*E despois que hai ...* Óleo/táboa. 100 x 100 cm. 2009.  
(colección do artista)

*In memoriam.* Óleo/lenzo. 89 x 116 cm. 2000  
(colección particular) >




KALU

KALU KALU

KALU





*Insua de Area*. Óleo/tea. 100 x 100 cm. 2010  
(colección particular)



*Mar*. Óleo/tea. 81 x 100 cm. 2014  
(colección particular)














Caderno de bosquejos







A vida humana  
consiste en habitar  
un mundo no que as  
cousas non son o  
que son, senón que  
tamén significan.

F. Savater




*Cabazas*. Óleo/cartón. 25 x 25 cm. 2014  
(colección do artista)



*Cabazón*. Óleo/cartón. 25 x 25 cm. 2014  
(colección do artista)



*Castañas*. Óleo/cartón. 25 x 25 cm. 2014  
(colección do artista)



*Cerdeira*. Óleo/cartón. 25 x 25 cm. 2014  
(colección do artista)



*Figueira*. Óleo/cartón. 25 x 25 cm. 2014  
(colección do artista)




*Laranxeira*. Óleo/cartón. 25 x 25 cm. 2014  
(colección do artista)



*Limoeiro*. Óleo/cartón. 25 x 25 cm. 2014  
(colección do artista)



*Campo de maíz*. Óleo/cartón. 25 x 25 cm. 2014  
(colección del artista)



*Maceira I*. Óleo/cartón. 25 x 25 cm. 2014  
(colección do artista)



*Maceira II. Óleo/cartón. 25 x 25 cm. 2014  
(colección do artista)*



*Maceira III*. Óleo/cartón. 25 x 25 cm. 2014  
(colección do artista)



*Maceira IV*. Óleo/cartón. 25 x 25 cm. 2014  
(colección do artista)



*Moreira*. Óleo/cartón. 25 x 25 cm. 2014  
(colección do artista)



*Nogueira*. Óleo/cartón. 25 x 25 cm. 2014  
(colección do artista)



*Uvas*. Óleo/cartón. 25 x 25 cm. 2014  
(colección do artista)



*Melocotóns*. Óleo/cartón. 25 x 25 cm. 2014  
(colección do artista)



Chega o outono  
Paso os días pintando  
Flores e herbas.

.....

Sobre as follas verdes  
Que cobren a montaña  
O sol pasea.

Masaoka Shiki



Bosquexos



Bosquexos



Bosquexos



Bosquexos



Xoán Guerreiro / Fotografía: Mateo Guerreiro

## XOÁN GUERREIRO

Nace en Xove (Lugo) no ano 1956.

Nos anos 1992/93/94 obtén a bolsa de pintura Valdearte, do concello do Barco de Valdeorras (Ourense).

Nos anos 1991/93/95 é seleccionado para participar na Mostra Unión Fenosa.

No ano 1990 gaña o primeiro premio de pintura Lugonova 90 e é finalista do concurso de ilustración de libros de contos Espasa-Calpe.

Nos anos 1996 e 1998 participa na I e II Mostra de Debuxo e Gravado do concello do Barco de Valdeorras (Ourense).

Outros traballos realizados:

Ilustración dos libros *A fonde da vida longa*, *Tralas portas do rostro* e *Ninguén chorou por nós*, premio de teatro Rafael Dieste.

Realizou os murais da igrexa de San Bartolomé de Xove (Lugo) e a homenaxe a Luís Seoane no concello do Barco de Valdeorras (Ourense).

Deseñou as carátulas dos discos *Rosas de Luz* (Xocaloma) e *Agardando que pase algo* (Fía na Roca).

## EXPOSICIÓNIS INDIVIDUAIS

2015 *Elízara, lugar onde non estiven*. Casa da Parra. Santiago de Compostela

2013 *Arredores*. Círculo das Artes de Lugo

2013 *Rexistos do silencio*. Centro Torrente Ballester. Ferrol

2010 *Los silencios de la luz*. Galería Metro. Santiago de Compostela

2009 *Aluguer de soños*. Museo Provincial de Lugo

2009 *Destino?*. Galería Biondetta. Madrid

2008 *Mar tendido*. Galería Fernando Magdalena. Vigo

2007 *Fragmentos [de Lugo]*. Galería Clérigos. Lugo

2006 *A veces, a verdade*. Sala Municipal do concello de Cervo (Lugo)

2006 *Referencias*. Galería Ana Vilaseco. A Coruña

2005 *Costa da Morte. Dende Fisterra a Malpica*. Galería Biondetta. Madrid

2003 *Iter, Itineris*. Galería Clérigos. Lugo

2003 *Os camiños son nostalxia*. Galería Espacio 48. Santiago de Compostela

2003 *Entre la sombra y la luz*. Galería Val 1 30. Valencia

2001 *Os camiños son nostalxia*. Cajamadrid. Espacio para el arte. Pontevedra

2001 *En tránsito*. Círculo das Artes. Lugo

2000 *Manufacturados*. Sala Miró. Pazo de Congresos. Madrid

1999 *Presaxio de ausencias*. Galería Clérigos. Lugo

1997 Caixavigo. Vigo

1996 *Galicia é realidade*. Galería Clérigos. Lugo

1994 Claustro de San Francisco. Viveiro (Lugo)

1994 Casa da Cultura. O Barco de Valdeorras (Ourense)

1994 Galería Siena. Ponferrada (León)

1994 Galería Xeito. Madrid

1993 Galería Minotauro. Santiago de Compostela

1992 Galería Xeito. Madrid

1991 Sala municipal de exposicións do concello da Coruña

1990 Caixavigo. Vigo

1990 Información e Turismo. Ribadeo (Lugo)

- 1990 Deputación Provincial de Lugo  
1984 *Par 3*. Sala do Banco de Crédito e Inversiones. Lugo  
1983 Galería Nova Rúa. Lugo

## EXPOSICIÓN COLECTIVAS

- 2011 *Litonor-Arte: Edición*. Igrexa da Universidade. Santiago de Compostela  
2011 *El color de A Coruña*. Atlántica Centro de Arte. A Coruña  
2011 *Andante*. Museo de Arte Contemporánea Gas Natural Fenosa. A Coruña  
2010 *A pie de arte*. Caixa Galicia. Santiago de Compostela  
2010 *Proxecto Home*. Itinerante por Galicia: A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Ferrol  
2010 *Andante*. Sala de exposiciones "El Correo Gallego". Santiago de Compostela  
2010 *Roteiro de creación*. Galería Metro. Santiago de Compostela  
2010 *Cores da historia en Lugo 10*. Sala de exposiciones do Centro Social Uxío Novoneyra. Lugo  
2009 *Incisións*. Deputación Provincial de Lugo  
2009 *De arte*. Pazo de Congresos e Exposiciones. Madrid  
2009 *Puro Arte*. Vigo  
2008 *Percorridos. Artes Plásticas da Mariña*. Mondoñedo (Lugo)  
2007 *Fluxo e refluxo do mar na arte*. Sargadelos. Cervo (Lugo)  
2006 *Ars Moenia*. Sala da Deputación Provincial de Lugo  
2005 *Pintura galega S. XIX e XX*. Hostal dos Reis Católicos. Santiago de Compostela  
2005 *Estampa*. Madrid  
2005 *El grupo*. Escola Técnica Superior de Náutica. Santander  
2005 *El Quijote*. Museo Provincial de Lugo  
2005 Galería Clérigos. Lugo  
2005 *De Arte*. Feira de arte contemporánea. Pazo de Congresos. Madrid  
2005 *Imaxes desde os faros*. Museo do Mar. Vigo  
2005 *Imaxes desde os faros*. Casa da Parra. Santiago de Compostela  
2005 *Ars Moenia*. Museo Nacional de Arte Cluj-Napoca. Romanía  
2005 *Puro Arte*. Vigo  
2004 *Ars Moenia*. Puerta de Toledo. Madrid  
2004 Galería Clérigos. Lugo  
2003 *Botella ao mar*. Auditorio de Galicia. Santiago de Compostela  
2003 Galería Clérigos. Lugo  
2002 *Novos fondos do Museo Provincial de Lugo*. Deputación Provincial de Lugo  
2002 Galería Clérigos. Lugo  
2001 *Trazos de Galicia*. Itinerante. Deputación Provincial de A Coruña  
2001 *Realismos?* Centro Torrente Ballester. Ferrol  
2001 Galería Clérigos. Lugo  
2000 *Diálogos co silencio*. San Domingos de Bonaval. Santiago de Compostela  
2000 *Proxecto Home*. Pazo de Fonseca. Santiago de Compostela  
2000 *Pintores gallegos na TVG*. Santiago de Compostela  
2000 *Proxecto Home*. Casa das Artes. Vigo  
2000 Galería Clérigos. Lugo  
1999 *Foro Atlántico de Arte Contemporánea*. Pontevedra  
1999 *Arte en el deporte*. Museo de Arte Deportiva. Fundación Celta de Vigo. Vigo

- 1999 Galería Clérigos. Lugo
- 1998 *MAC*. Feira Internacional de Arte Contemporánea. Marbella (Málaga)
- 1998 *Abelénvaunaburra*. Galería Bacabú. Lugo
- 1998 *II exposición de pintores lucenses*. Círculo das Artes. Lugo
- 1998 *Ciento y postalicas a Federico García Lorca*. Museo Postal e Telegráfico. Pazo de Comunicacións. Madrid
- 1998 *Realidades*. Galería Clérigos. Lugo
- 1998 *Cercanías*. Museo Provincial de Lugo
- 1998 *Guieiros*. Casa de Galicia. Xunta de Galicia. Madrid
- 1998 *Fragmentos*. Galería Pardo Bazán. A Coruña
- 1998 *Paisajes*. Galería de Arte Visol. Ourense
- 1998 Galería Paloma Pintos. Santiago de Compostela
- 1997 Galería Clérigos. Lugo
- 1997 *Galicia Terra Única*. Galicia 1900-1990. Ferrol
- 1997 *Amigos por el arte*. Galería Alameda. Vigo
- 1997 Amnistía Internacional. Sala Almirante. Vigo
- 1997 *A man interior*. Galería Obelisco. A Coruña
- 1997 *Otoño 97*. Galería Infantas. Madrid
- 1997 Galería de Arte Visol. Ourense
- 1996 *Arte para todos*. Galería Alameda. Vigo
- 1996 *Caligrafía vital*. Apolo Arte. Lugo
- 1996 *Artes varias, varias artes*. Auditorio Municipal Gustavo Freire. Lugo
- 1995 Foro Atlántico de Arte Contemporánea. Santiago de Compostela
- 1995 IV Mostra Unión Fenosa. A Coruña
- 1995 *Imaxes da imaxe*. Casa da Parra. Santiago de Compostela
- 1995 *Homenaxe a Maruja Mallo*. Itinerante
- 1994 *Homenaxe a José Pérez Guerra e Julio Quesada*. Galería Xeito. Madrid
- 1994 III encontro de pintores no Barco de Valdeorras (Ourense)
- 1994 *Nove artistas na Madalena*. Galería Minotauro. Arzúa (A Coruña)
- 1994 *Ultreia*. Poetas e pintores fronte a droga. Itinerante
- 1993 III Mostra Unión Fenosa. A Coruña
- 1993 II encontro de pintores no Barco de Valdeorras (Ourense)
- 1992 Mostra de grandes pintores en homenaxe a Elixio. Vigo
- 1992 *Pintores galegos en Madrid*. Centro Galego. Madrid
- 1991 I Mostra Unión Fenosa. A Coruña
- 1991 *Encontro*. Mostra de XXX pintores galegos. Taberna Elixio. Vigo
- 1991 *Mostra de arte license*. Sala Almirante. Lugo
- 1991 *XXX artistas galegos*. Galería Laxeiro. Vigo
- 1987 Asociación Unicef-España. Itinerante
- 1985 Crevillente. Alacante
- 1984 Cidade de Mondoñedo. Lugo
- 1983 *Artistas plásticos lucenses*. Círculo de Belas Arte. Lugo
- 1977 *Aleph-2*. Galería Internacional de Arte. Madrid

## **COLECCIÓN PÚBLICAS E MUSEOS**

Museo Provincial de Lugo  
Museo Postal e Telegráfico de Madrid  
Museo de Arte Deportiva. Fundación Real Madrid  
Museo de Arte Deportiva. Fundación Celta de Vigo  
Círculo das Artes. Lugo  
Fondo de Arte Contemporánea. O Barco de Valdeorras (Ourense)  
Museo de Vouzela. Portugal  
Museo A Solaina de Piloño. Vila de Cruces (Pontevedra)  
Deputación Provincial de Lugo  
Concello de Ribadeo (Lugo)  
Concello de A Coruña  
Banco de Crédito e Inversións  
Caixavigo. Vigo  
Fundación Rodríguez Iglesias. A Coruña  
Colección Cortizo. Padrón (A Coruña)

## **FEIRAS DE ARTE**

2011 Espazo Atlántico. Vigo  
2009 Puro Arte. Vigo  
2009 De Arte. Pazo de Congresos e Exposicións. Madrid  
2005 Puro Arte. Vigo  
2005 De Arte. Pazo de Congresos e Exposicións. Madrid  
1999 Foro Atlántico de Arte Contemporánea. Pontevedra  
1998 MAC. Feira Internacional de Arte Contemporánea. Marbella (Málaga)  
1995 Foro Atlántico de Arte Contemporánea. Santiago de Compostela

## **BIBLIOGRAFÍA**

Artigos en publicacións periódicas/catálogos/ obras xerais

Olarte, Miguel. "Barra libre. La mancha y el detalle". *El Progreso*. Lugo (14/06/2009)  
Vilar, Roberto. "O mago gris". *El Progreso*. Lugo (19/06/2009)  
Casanova, Carlos. "Iter, itineris". *El Progreso*. Lugo (15/12/2003)  
Mosquera Mata, Pablo. "Guerreiro". *El Progreso*. Lugo (15/12/2003)  
Rozas, Mercedes. "Territorios para el silencio". *La Voz de Galicia* (1/03/2003)  
Casanova, Carlos. "Todo Guerreiro y la visión artística de la soledad". *El Progreso*. Lugo (26/11/2001)  
Jaureguizar. "Guerreiro reúne 40 obras para mostrar veinte años de carrera". *El Progreso*. Lugo (21/11/2001)  
M. L. "Realismos?" No Centro Torrente Ballester. *Diario de Ferrol* (8/02/2001)  
Loureiro, Ramón. "Para ver una realidad diferente". *La Voz de Galicia* (3/02/2001)  
Fraga, Jesús. "Guerreiro retrata los paisajes urbanos y ferroviarios en sus últimos cuadros". *La Voz de Galicia*. Lugo (14/12/2000)  
De La Torre, María. "El tren del realismo lucense tiene parada en Madrid". *El Mundo*. Decembro de 2000  
Rozas, Mercedes. "Realismo urbano". *La Voz de Galicia* (26/11/2001)

- Vilar, Manuel. "Arte no silencio". Guieiro Cultural. A Nosa Terra. Santiago de Compostela (21/09/2000)
- Pino, Concha. "Unha mostra reúne en Bonaval a obra de dezaoito artistas galegos". Cultura. *La Voz de Galicia* (06/09/2000)
- Castro, Paz. "La quietud, el arte y Dios". *El Correo Gallego*. Santiago de Compostela (05/09/2000)
- Lorenzo, Ana. "Más de 250 artistas [escriben] a Lorca en [Ciento y postalicas a Federico]. *La Voz de Galicia* (03/05/2000)
- Blázquez, José. "Xoán Guerreiro na sala Clérigos". *El Progreso*. Lugo (26/10/1999)
- Casanova, Carlos. "Diversas soledades". *El Progreso*. Lugo (24/10/1999)
- Rozas, Mercedes. "Presaxio de ausencias". *El Correo Gallego*. Santiago de Compostela (23/10/1999)
- De La Torre, María. "La mirada realista del futuro incierto y la ausencia". *El Mundo*. Outubro de 1999
- Fraga, Jesús. "Guerreiro abre su pintura a la lírica en su última exposición". *La Voz de Galicia* (16/01/1999)
- Domínguez-López, Jesús. "Una generación brillante". Cultura. *La Voz de Galicia* (16/12/1998)
- Casanova, Carlos. "Catorce pintores lucenses. (y II)". *El Progreso*. Lugo (12/12/1998)
- Olarre, Miguel. "Pintores lucenses". *El Progreso* (02/12/1998)
- Casanova, Carlos. "Cercanías". *El Progreso*. Lugo (14/09/1998)
- De La Torre, María. "Cercanías", unha aproximación ao mellor realismo no Museo Provincial. ABC Galicia (09/09/1998)
- Martín Velázquez, Carmen. "Retomar la realidad". Cultura. *La Voz de Galicia*, 1998
- Fraga, Jesús. "Huellas de Lugo en la Galicia costera". *La Voz de Galicia* (25/10/1997)
- Blázquez, José. "Xoán Guerreiro". *El Progreso*. Lugo (25/06/1997)
- Cociña, Iván. "El reto es encontrar lo que uno busca". *La Voz de Galicia* (13/09/1996)
- Olveira, Manuel. "Imaxes da imaxe". *Revista das Letras*. Santiago de Compostela (05/10/1995)
- García Rubí, Amalia. "Imágenes de la imagen, realismo gallego". *El Punto de las Artes*. Madrid (29/09/1995)
- Bergantiños, Malu. "Esencias". *El Mundo*. Santiago de Compostela (22/09/1995)
- Rozas, Mercedes. "Tiempo para la figuración". *La Voz de Galicia* (16/09/1995)
- Conde, Alfredo. "Haiprendido lume de verdade". *El Correo Gallego*. Santiago de Compostela (13/09/1995)
- Conde, Alfredo. "Unha sedante festa da cor". *El Correo Gallego*. Santiago de Compostela (12/09/1995)
- Castiñeiras, R. "Lo cotidiano adquiere belleza cuando se pinta". *La Voz de Galicia* (07/01/1995)
- García Iglesias, J.M. "Seis modos de figuración actual". *ABC de las Artes*. Madrid, 1995
- Longueira, Silvia. "El juego de la verdad". Cultura, Núm. 32. *La Voz de Galicia*, 1995
- Ocaña y Ocaña, Juan Bautista de. "Guerreiro". Correo del Arte. Madrid, novembro de 1993
- Acebo, Kari. "Xoán Manuel Guerreiro". *El Progreso*. Lugo (13/12/1992)
- María, Manuel. "Soneto ao pintor Xohan Guerreiro". *Poesía Galicia*, núm. 7. Ferrol, outono de 1990
- Costas, Alicia. "Xoán Guerreiro, a percusa do realismo intimista mediante o tratamiento do gris". *Diario 16. Galicia* (09/09/1990)
- Siro. "Guerreiro Vázquez". *La Voz de Galicia* (09/09/1990)
- Mon, Fernando. "La pintura de Juan Manuel Guerreiro". *Arte Galicia*, xuño de 1990
- Trapero Pardo, J. "Sensibilidad y dominio de la técnica en los óleos y dibujos de Guerreiro". *El Progreso*. Lugo (13/03/1990)
- Trapero Pardo, J. "Óleos de Guerreiro en Nova Rúa". *El Progreso*. Lugo (19/10/1983)





Por que o mar é o rei de cen regueiros?  
Porque se sitúa por debaixo deles.  
A súa humildade faino poderoso.

**Tao Te Ching**

[www.xoanguerreiro.com](http://www.xoanguerreiro.com)  
xoanguerreiro@gmail.com



978-84-453-5183-3



